

Acta da Comisión Permanente Extraordinaria da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 17 de marzo de 2021

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 17/03/2021
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 17/03/2021
- III. Calendario de exames modificado para os graos impartidos no centro

Ábrese a sesión ás 13 horas e 30 minutos na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Subdirectora de Planificación e Organización Académica, Dona María Araújo Fernández, e se trata o único punto na orde do día:

1 Modificación do calendario de exames dos Graos impartidos neste centro para este curso académico 2020/2021.

A Presidenta sinala que se trata dunha modificación do calendario de exames sobrevida, orixinada por unha solicitude do delegado do Reitor da Universidade de Vigo na Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG) e presidente da mesma, D. Luis Muñoz, para utilizar todas as aulas do centro nos días 8, 9 e 10 de xuño para a celebración das probas ABAU, no caso de que fose posible sen prexudicar ao alumnado do centro. Comenta cales serían os cambios necesarios sinalando que son menores e moi puntuais e aclara un erro detectado no calendario enviado previamente.

Ábrese unha quenda de intervencións. Marta Caride pregunta se a data do exame de Termodinámica se podería intercambiar pola data do exame de Xeomática, para que non quede tan cerca do exame de Xeoloxía. A Presidenta respóndelle que o intercambio de datas solicitado suporía un cambio maior no calendario e que afectaría a un gran número de estudantes, polo que insta a conseguir as firmas de todo o alumnado e profesorado afectado para poder aprobar dito cambio.

Apróbase a modificación do calendario de exames por asentimento. A Presidenta sinala que o calendario se actualizará na web e que se informará dos cambios ao alumnado e profesorado afectado.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 45 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a dezasete de marzo de dous mil vinte e un.

Vº e Prace
A Presidenta

O Secretario

María Araújo Fernández

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 17/03/2021

ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 17/03/2021

Asistentes á Comisión Permanente do 17 de marzo de 2021
Presidenta da Comisión (por suplencia)
María Araújo Fernández
Secretario da Comisión
Guillermo García Lomba
Subdirector/a
Francisco Javier Deive Herva
PROFESORADO
Fernando García Bastante
Elena González Rodríguez
Teresa Rivas Brea
ESTUDANTES
Marta Caride Pérez
Santiago Domínguez Blanco
Belén Parente Artime
PAS
M ^a Carmen Romo Pérez

Desculpa a súa ausencia Alfonso Mandado Vázquez.

ANEXO III

Modificación do calendario de exames dos graos impartidos no centro